

...ouxeon o outro dia, á tia Pepa,  
unha carta d'a Habana;"  
...zen d'o Carmelo cantos disparatas!  
"De que morrera o fillo o seu Pepo  
...nten d'a prole na esconceda.  
Morreulle ó fillo, que o fillo  
...a quen tanto ela amara,  
...laeca estala que nunrista cea...  
...mo versos e casos asorante  
Br. L. U. ...dirá tal vez que por moito  
...e mal a  
Dando a OPEDE unha nai que chora  
...in que a nai que; cando ela agacha  
...tristes presentimentos  
...de quelle vai pasar unha disgracia  
...e ten un fillo ausente  
...fora d'o fogar, lonxe d'a patria;  
COMPADECCLA, si; qu' é mui sabido  
...d'os corazós d'as nais na  
...ten verdadeiramente  
...que vosté non na  
...ra como manda  
...a nai que chor  
...re Sr. L. U. Gei  
...er poeta, non b  
...Pro [perdónem  
...nte trabucad  
...ou que no  
...an de pasa  
...os coa chench  
...nsados xa d'a  
...nos á d'as reali  
...prende?

qu' habendo duas presonas n'a cucina  
O crego vése e non se vé a veciña. ....

Non che parés pol-o que levo dito  
(e perdoa s' hai erro n' este escrito,  
...debro do crego de Listado  
...pode servir de ... para un banco)

# día das letras galegas 2006

QUE DURA A LUA DE MEL

... como con d'os casados a indi-  
vido, que tal vez non o conocean vos, chamado  
Marcelo que sei eu cantos, pois non m'acardo d'o  
seu apellido; y a crer ó que decote ripite Fro-  
inda, a'sua muller, aínda lles dura á eles á lua de  
mel, manténdose en tal conceto entramboz como  
se foran dous ruliños.

... Sin que trat'en de desmentila, pois non seria  
beu, limitaraime á consinar con toda verdá al-  
gun pasaxes d'a vida d'os susodichos casados,  
e vostedes sacaran d'eles o qu'o seu entenden-  
to lles dite.

Hay qu'adevertir, desde logo, que éste é un  
patrimonio probe; que n'a casa non hay mais  
criados que unha rapaza de oito anos, qu'a nai a  
luxe ali pra que a enseñen; e que Marcelo, pol-o  
tanto, fai de todo ó que hai que facer, pois é bon,  
enci bon, e quere moito á Froinda, quen, pra  
non darlle o mais pequeno disgusto, deixase que-  
r; pro d'unha maneira tal, que Marce'o ten  
qu' estar sempre ideando o modo de darlle novas  
provas de cariño e de facerlle outros tantos aga-  
sallos, posto que cada dia ten que quere! a baix'un  
aspeuto distinto y en mayor esca'eira que a qui-  
xo antes.

Tamen teño qu'adevertir que teñen un neno de  
seis meses, qu' é o primeiro fillo, d'o que Marcelo  
é manexador, principalmente pol-a uoite, pois  
á criada e tan pequena que non pode con Mía, ui-  
ños que xapasa a lles, e tan pouco coa reperta  
ela nin á tres freiras, unha vez que pegu o neno.  
Cou estos antecede tes se poderían vostedes ir  
vendo si será bon home e que se orga de man-  
xada á face!-o lume, á ferver á leite, á barrer y a  
mais s'ofrece; non facendo tamen ó almor-  
que lles guisa fora por ben pouca cousa,  
ta pra supoñer qué tal será o conto.

... tanto, Froinda, iñiada a lles, é  
goza ás suas andas, e un pouco moi  
as oito, h'raen que despartando ó  
reperta á ela cos seus rentidos berros.  
sin embargo, d'el, sinon que  
elo, pra que o colla, si él non veu xa  
thoro; o pequeno, acaso por que  
está pra ferver á leite porta o lu-  
e separa de d'el. Cando o  
ó fillo d'el véce, e lles conta y o  
as mans, logo leoga á man-  
a botella con un telo de goma,  
éstas, disfruta d'ese pracer de  
... este consieto, en sin-



## Manuel Lugrís Freire



# “A obra teatral de Manuel Lugrís foi revolucionaria e escandalosa”



✚ **Francisco Pillado é autor teatral**, pero tamén investigador, e como tal, o traballo de Manuel Lugrís non escapa ós seus estudos, mergullándose máis aló do formal até desenguedellar o fondo ideolóxico da obra dramática do escritor das Mariñas

N.S.M.

Francisco Pillado Maior é un dos máis salientábeis autores e investigadores do teatro galego; ten estudiado a obra dramática de Manuel Lugrís Freire, da que destaca a forte carga ideolóxica nuns momentos difíciles para o idioma e para o galeguismo.

—*Qué vivencias foron as que marcaron a ideoloxía e a obra de Lugrís?*

—Experimentou a Primeira República, a emigración, na Guerra Civil tivo a un fillo en cada bando... Pasou por vivencias moi difíciles, pero a súa chegada a Cu-

**“A Escola de Declamación era necesaria para espallar o rexionalismo”**

ba significou unha verdadeira toma de consciencia. El chego á illa chamado polo seu irmán, e traballaba como contable. Pero a alí, a meirande parte dos emigrantes galegos eran, literalmente, a nova escravitude. Tras as revoltas dos escravos negros que derivaron na independencia de Haití, os señores comezaron a temer unha situación igual en Cuba, e substituírono no traballo aos negros por os galegos.

—*É un autor ben pouco coñecido para o público galego, ¿Qué significado ten que se lle adique o Día das Letras precisamente no centenario da Academia?*

—Moita da importancia de Lugrís está en relación co ambiente de tremenda represión do galeguismo en que viveu; neste senso, era de xustiza que, no centenario da Academia, se tivese este detalle cunha figura coma el, é un detalle que eu aplaudo absolutamente, un grande acerto. Lugrís foi presidente desa institución, e adicou toda a súa vida á dignificación social e política de Galicia, sin pedir nunca nada a cambio. É moi importante ter isto en conta e contextualizalo.

—*Cal era a situación do idioma*

*galego no ambiente de Lugrís?*

—Aínda que agora haxa algunha xente que vive moi ben gracias ao idioma, neses tempos sufríanse moitas marxinações polo simple feito de falar ou escribir en galego: era un atranco. Mesmo os fillos dos galeguistas era insultados na escola.

**O precursor que impulsou a Escola de Declamación**

—*Foi un precursor o Lugrís do teatro?*

—Cando Lugrís Freire estrea as súas obras, moitas en A Coruña, no Teatro Rosalía, hai notas de prensa nas que Galo Salinas, un contertulio de Lugrís, fai un chamamento ao público: que si non queren ver teatro en galego, que por favor non vaian, que non é obrigatorio, pero que non acodan a ridiculizalo nin rirse del por ser en galego. Agora, cando eu estreo unha obra co teatro a rebosar e me aplauden e me felicitan, síntome moi afortunado. A xente tomaba a mofa a persoas como Lugrís, que mesmo tivo que demostrar que o galego pode ser un vehículo do teatro. Si personas coma min hoxe podemos facer teatro en galego e nos respetan é gracias a xente co-

**“A Ponte escandalizou: reivindicaba a xustiza pola man”**

mo Lugrís, que deron a vida por Galicia e que seguen sendo lamentablemente ignoradas.

—*Qué repercusións tivo a obra de Lugrís no seu momento?*

—A obra que tivo máis repercusións foi a teatral. O teatro entón cumpría unha función social moi diferente á de hoxe: a principios de século, sen televisión nin radio e con moito analfabetismo, o teatro era a grande tribuna propagandística e reivindicativa, de aí que sempre, ao longo dos séculos, fose utilizado como plataforma reivindicativa. O teatro transmite un discurso e uns valores, de aí a censura que tivo sempre. O sistema admite e apoia un tipo de teatro, e rexeita a heterodoxia. Federico García Lorca, cando estreou Yerma, no ano 34, dixo: “O tea-

tro é o termómetro que mellor mide a saúde dun pobo”. Hoxe hai outros medios, pero o que quixo decir é que nunha sociedade na que non hai debate, polémica, é unha sociedade morta... E o teatro eran os foros de debate. Iso é o que fai Lugrís: pretende espallar a ideoloxía rexionalista a través do seu teatro.

—*Eses discursos rexionalistas, ¿escandalizaban no seu tempo?*

—A primeira obra que representa, A Ponte, causou grande escándalo na Coruña; Vicente Risco di que é unha obra revolucionaria; textualmente: “O teatro de Lugrís é fundamentalmente de tendencia social, dramas rurais nos que o paisano loita en vao coas forzas negras, os explotadores do pobo, encarnados na figura do cacique. O mellor drama de Lugrís é indiscutiblemente A Ponte: e un drama popular e de éxito, e pertence á nosa literatura revolucionaria” Non se refire en termos estéticos, senón políticos.

—*Qué é o revolucionario desa obra?*

—Éo porque o personaxe central, fronte as aldraxes do cacique, en vista de que a xustiza non funciona, despois telo intentado por



todos os medios, decide matalo en escena; vai ao que di Rosalía: a xustiza pola man. Iso provoca tal escándalo que a miña teoría é que logo de estrear A Ponte incluso desaparece a Escola Rexionalde Declamación, que el axudara a fundar no 1903.

—Por que desaparece a Escola?

—Cando sucedeu este escándalo, moitos dos colegas e amigos de Lugrís asústanse. Desgraciadamente, non todos os dramaturgos galegos do momento están pola labor y a escola deixa de existir en pouco tempo. No ano 1929, a revista Vida Gallega publica unha enquisa a dramaturgos galegos sobre se existía o teatro galego, xa había debate sobre este tema. Aí Lugrís conta que a Escola desaparecera por pequenas rencillas, por falta de amparo das corporacións oficiais e, sobre todo, porque os escritores non respondían ao chamamento para “o transcendental e patriótico combate” ao que se lles invitaba. Termina dicindo “perdí la batalla”. A Escola era fundamental para que os rexionalistas espallasen a súa ideoloxía, porque practicamente non tiñan outra tribuna. Nesa enquisa, Galo Salinas chega á conclusión de que non hai teatro galego porque non hai actores, por unha desconsideración social polo idioma e porque non hai empresarios que aposten pola creación dunha compañía profesional.

#### O reto de escribir teatro social en galego

—Qué significou a Escola Rexional de Declamación no seu tempo?

—Hai que ten en conta un dato: este ano empezará a funcionar en Galicia por primeira vez a Escola Superior de Arte Dramático. Pois no 1903 Lugrís e os seus correligionarios xa fundaran a Escola Rexional de Declamación, porque sons conscentes de que sen escola non pode haber actores, nin compañías, e daquela non ten sentido escribir teatro. Eles comezan por aí, reparando unha falla. Sen medios e con todo en contra, crearon unha escola de teatro.

—Adiantáronse ao seu tempo?

—O labor de Lugrís e os seus compañeiros foi moi voluntarioso, eran uns adiantados e por iso mesmo atopáronse co rexeitamento popular.

É o drama desta xente: Lugrís, nas súas obras, as veces ten que explicar a través dos seus personaxes, para que o público burgués que está na sala se entere, que facer teatro en galego é posible porque o idioma vale para iso. Imaxínate que Galdós ou calquer outro dramaturgo español daquel momento tivese que explicarlle ao público que o que están escoitando é válido para escoitar o que escoitaban. É un disparate. Atopouse con moita incompreensión, e cando desaparece a Escola, Lugrís practicamente deixa de escribir teatro.

—Dentro do mundo do teatro sufriu a mesma marxinação?

—Hai crónicas da época, feitas mesmo por camaradas de Lugrís que din “foi representada tal peza

**“Pensa que a esencia de Galicia está nos labregos e nos mariñeiros”**

**“O malo sempre é o cacique, o opresor, que controla a certo tipo de políticos”**

de Lugrís, mágoa que só ante asistencia de familiares e camaradas do autor”.

—Qué define a obra teatral de Lugrís?

—É un teatro apoloxético, reivindicativo e claramente ideolóxico. Tamén maniqueo, por suposto: os bos son moi bos e os malos, moi malos. O bo é o aldraxado, o humillado, a vítima do caciquismo e a inxustiza. Adoita apuntar contra os caciques, a desigualdade social. Son persoaxes moi antagónicos. Anxelicais ou demoniacos. Teatralmente, Lugrís serve de ponte entre o teatro rexionalista e o nacionalista

—Sempre representa a opresión a través dos caciques?

—Case sempre, aínda que ás veces tamén nos políticos. Non se opón contra todos, porque el practicou sempre a política, senón contra aqueles que, segundo di, dependen en exceso de Madrid e que son elexidos polos caciques. O cacique, en A Ponte, di: “sei liar aos políticos da Cruña, e máis algún de Madrid, que gracias a min saíu deputado por aquí cando ningún o coñece, sei facer que o crego sexa un vasalo meu; logrei ser o máis rico da comarca e penso multiplicar a miña vontade en todo”. É un texto moi revelador do seu pensamento.

A idea é que realmente son as forzas económicas, personificadas no cacique, as que mandan sobre a Igrexa e sobre ese tipo de políticos que Lugrís combate. Censúralle á Igrexa que esta máis comprometida cos bens materiais que con Cristo.


—Era crente?

—Lugrís era masón, e posiblemente fose crente; pero predicaba outro tipo de cristianismo. Hai momentos na súa obra en que se fala do tipo de relixión que predicou Cristo, que nada tiña que ver co cristianismo do momento. Algún persoaxe fala de que Xesús predicou a igualdade, a xustiza...

#### Apontamentos para unha identidade da terra

—Onde reside a identidade galega segundo Lugrís?

—El di, con Murguía, que a auténtica clase nacional galega son os labregos e mariñeiros, porque



**“Posiblemente era crente, pero predicaba un cristianismo diferente”**

**“E sempre está presente a recuperación da autoestima da lingua”**

neles está depositada a esencia: a lingua, os costumes... que non están adulterados nin polo ouro nin pola cidade.

Tampouco é casual o momento no que di isto: estamos a fins do século XIX, e coincide co que neses mesmos tempos dicían os da xeración do 98: “Salgamos a buscar a España, en sus pueblos, en sus costumbres...”. Eran ideas que estaban no eido intelectual da época.

Eles sempre están a facer un chamamento á unión dos galegos. Como lema, teñen uns versos de Curros Enríquez que se titulan “Pola unión”.

—Cal é o papel que ten a lingua galega no seu pensamento político?

—El e os seus correligionarios entendían o teatro como medio de galeguización. Amosarlle ao pú-

blico que o galego non só o utilizaban os aldeáns era xa toda unha declaración. E sempre está presente a recuperación da autoestima da lingua, aínda que el tamén escribe en español, é curioso. No primeiro mitin que ofrece dilles aos labregos algo así como: “Na lingua querenciosa donde escoitáchedes as verbas da vosa nai, na lingua querenciosa coa que namoráchedes ás vosas mulleres... esa é a lingua nosa, a que non podemos deixar morrer”.

—Cal era a súa idea para o progreso de Galicia?

—O progreso de Galicia para el pasaba, primeiro pola recuperación dos valores propios de Galicia, e despois pola unión de todos os galegos e a instauración dun sistema democrático, por suposto.